

## OTRAS ENTIDADES Y ANUNCIOS PARTICULARES

### EMPRESAS Y SOCIEDADES

#### FUNDACIÓN REFUXIO DE ANIMAIS

*I Convenio Colectivo de Persoal Laboral da Fundación Refuxio de Animais de Interese Galego, asinado entre o Concello de Santiago de Compostela (concelleira Benestar Animal), a delegada sindical de UGT para o persoal da Fundación e o asesor de UGT*

##### Artigo 1.º.-Obxecto.

- O presente convenio colectivo ten por obxecto regular as relacións laborais do persoal laboral da Fundación Refuxio de Animais de Interese Galego.
- Será de aplicación, con carácter supletorio, o Estatuto dos Traballadores para o non regulado neste convenio, xunto coa Lei de Liberdade Sindical e demais normas de carácter complementario que lle sexan de aplicación.

##### Artigo 2.º.-Ámbito persoal e funcional.

- a) Este convenio engloba os traballadores que durante a súa vixencia integren o equipo da Fundación Refuxio de Animais, de Interese Galego.
- b) Durante o período de vixencia do convenio, as retribucións establecidas no mesmo experimentarán o incremento que determine a lexislación para o persoal, do mesmo nivel no eido público.

##### Artigo 3.º.-Ámbito territorial.

- O presente convenio afectará a todos os traballadores que incluídos no seu ámbito persoal presten os seus servizos no centro de traballo sito no lugar de Zarramedo - Bando, s/n, en Santiago de Compostela.

##### Artigo 4.º.-Ámbito temporal, vixencia e duración.

- a) O período de duración deste convenio será de catro anos, a contar dende a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da A Coruña, non quedado pechado a revisión se as partes así solicitan.
- b) En canto aos efectos económicos se fará mención no anexo I os salarios que van rexer a partir do mes da súa publicación.

##### Artigo 5.º.-Vinculación á totalidade, unidade de convenio e obrigatoriedade.

- Todas as condicións pactadas forman unha unidade orgánica e indivisible para os efectos da súa aplicación e sempre con referencia individual a cada traballador. No suposto de que pola autoridade laboral se estimase que algunha das súas partes conculca a legalidade vixente e remitise o convenio á xurisdición laboral, este quedaría sen eficacia unicamente respecto de devandita/s materia/s, subsistindo o resto do seu contido.

O presente convenio obriga tanto á Fundación Refuxio de Animais de Interese Galego como á totalidade dos traballadores aos cales afecte durante o tempo da súa vixencia, sen que este poida modificarse por convenio de ámbito distinto.

#### CAPÍTULO I.-XORNADA LABORAL

##### Artigo 6.º.-Principios básicos.

Ambas as dúas partes recoñecen e aceptan a imposibilidade de que todos os empregados que forman parte do persoal da empresa teñan os mesmos horarios, xornada laboral de igual duración e descansen os mesmos días da semana e sempre tendo en conta o encadramento laboral (os postos de traballo); a actividade propia de cada empregado e as variacións do ritmo desta, diaria, semanal e estacionalmente, aconsellan horarios distintos, distribución da xornada laboral de forma diferente entre os empregados e o descanso semanal en distintos días da semana.

##### Artigo 7.º.-Xornada laboral.

Os traballadores afectados polo presente convenio colectivo terán unha xornada laboral máxima anual de 1.650 horas de traballo efectivo para o ano.

O cómputo anual supón unha xornada de 37,50 horas efectivas de media de traballo á semana, das cales se deduciron a xornada correspondente a 14 festivos estatais e locais (que se gozarán en días completos e non por horas) dun mes de vacacións segundo calendario de traballo.

Esta xornada de traballo susténtase nos principios de flexibilidade, dispoñibilidade e de igualdade dos traballadores. Non obstante, ante situacións de emerxencia sanitaria ou outras situacións excepcionais de forza maior, priman os intereses da Fundación Refuxio de Animais, de Interese Galego, para organizar e distribuír a xornada anual dos seus traballadores.

Esta xornada distribuirase ao longo do ano aplicando os seguintes principios:

a) A distribución da xornada laboral e o seu control realizarase pola dirección da empresa. A xornada semanal será de luns a domingo de acordo coas necesidades de explotación, respectando, en todo caso a normativa legal reguladora desta materia. Todos os traballadores estarán obrigados a participar nos horarios rotatorios da Fundación Refuxio de Animais, de Interese Galego .

b) A xornada ordinaria laboral non poderá ser superior ás 9 horas efectivas de traballo ao día, nin inferior a 6 horas para contratos de xornada completa, salvo circunstancias excepcionais ou en caso de aplicación da distribución irregular da xornada estipulada legalmente.

O traballador de xornada completa terá un descanso diario de 30 minutos retribuídos, computando como xornada de traballo en calquera das quendas posibles, tanto en xornada continua coma en xornada partida tal e como xa se vén facendo ata o momento.

Ao inicio e ao final de cada xornada o traballador disporá de 15 minutos retribuídos para o cambio de roupa, computándose este tempo como xornada laboral.

c) O día previo ao día/s de descanso do persoal a quenda será só de mañá (xornada continua) e nunca en quenda de mañá e tarde para garantir así a igualdade entre os traballadores que desfrutarán dun día e medio ou de dous días e medio segundo o horario de traballo que desempeñan.

d) Ao obxecto de axustar a xornada laboral para que ao 31 de decembro se realicen as horas de xornada laboral previstas neste convenio colectivo, realizaranse as recuperacións ou descansos compensatorios que procedan antes de rematar o ano.

e) Antes do inicio de cada ano, cun mínimo de 15 días antes do inicio do mes de xaneiro, confeccionarase o calendario laboral onde se incluírá como mínimo o cuadrante de quendas de traballo de todo o persoal e, de xeito individualizado, o cuadrante de quendas de cada traballador.

Sobre este calendario laboral, iranse realizando anexos que reflectan as variacións que sobre o calendario orixinal se fosen producindo ao longo do ano. A fixación de horarios de traballo do ano seguinte realizarase e publicarase no taboleiro de anuncios da Fundación Refuxio de Animais, de Interese Galego, así como calquera cambio de horario ou de descanso que afecte os traballadores da Fundación Refuxio de Animais, de Interese Galego as quendas de traballo de cada traballador, así como a regulación das excepcións e particularidades de cada un deles. Todos os horarios deben cumprir a totalidade da xornada anual.

O calendario laboral informarase previamente o Delegado de Persoal có fin de que poida facer alegacións previas a este.

f) Todos os días traballados en domingo xerarán un descanso dun día e os festivos xerarán, como xa o veñen facendo ata o momento, un descanso de dous días. Deberán marcarse no calendario anual os domingos e festivos traballados, así como os días de descanso que se gozan para non romper a distribución horaria anual da totalidade dos traballadores da Fundación Refuxio de Animais, de Interese Galego.

g) Dado o traballo a quendas e a realización deste de luns a domingo, a maioría dos 14 festivos estatais e locais coinciden co día libre dalgún traballador. Co fin de que todos os traballadores gocen dos seus descansos regulamentarios e dos festivos legalmente establecidos en igualdade de condicións, o traballador xerará un día de asuntos persoais cando o festivo coincida coa súa xornada de descanso.

#### **Artigo 8.º.-Descanso semanal.**

A través do presente artigo establécese a prestación do traballo en sábados, domingos e días declarados legalmente como festivos pola autoridade competente, dada a necesidade de atender diariamente os animais. Polo tanto, o descanso semanal, que terá unha duración mínima e ininterrompida de 36 horas, producirase en calquera día da semana, pero procurarase que só presten servizo nestes días os traballadores indispensables para atender as necesidades da Fundación Refuxio de Animais, de Interese Galego.

**Artigo 9.º.-Vacacións.**

O persoal desta empresa gozará cada ano dun mes de vacacións retribuídas, ou a súa parte proporcional en caso de non completar un ano de traballo nesta, non substituíble por compensación económica.

O calendario de vacacións deberá coñecerse con dous meses de antelación, se ben, entre o mes de xaneiro e febreiro de cada ano, co fin de cadrar as vacacións anuais da totalidade do equipo, se exporá no taboleiro de anuncios o calendario de vacacións anual, debéndose publicar os cambios producidos ao longo do ano con anexos a este calendario anual.

Como norma xeral o persoal, gozará un período de vacacións dun mes. Os períodos do seu desfrute fixaranse de común acordo entre a dirección da Fundación Refuxio de Animais, de Interese Galego, e os traballadores.

Para o cumprimento do calendario de vacacións terase en conta o seguinte:

- O plan anual de vacacións fixarase entre os traballadores e a empresa, establecéndose quendas rotativas na orde de elección do tempo de desfrute, procurando a maior equidade e satisfacer os desexos dos traballadores, en canto sexan compatibles coas necesidades do servizo.
- En ningún caso gozarán simultaneamente de vacacións, nun mesmo Departamento, un número de traballadores tal que non se garanta o servizo.
- Terán preferencia no desfrute das vacacións nos meses de xuño a setembro, ambos os dous inclusive, os traballadores que teñan fillos en idade escolar menores de 16 anos ou con minusvalía igual ou superior ao 33% que convivan na mesma unidade familiar.
- Tamén terán dereito preferente os traballadores que teñan o seu cargo no mesmo domicilio familiar a familiares con enfermidade grave ou dependencia legalmente recoñecida.

Cando o período de vacacións fixado no calendario de vacacións da empresa ao que se refire o parágrafo anterior coincida no tempo cunha incapacidade temporal derivada do embarazo, o parto ou a lactación natural ou co período de suspensión do contrato de traballo previsto no artigo 48.4 e 48 bis do Estatuto dos Traballadores, terase dereito a gozar as vacacións en data distinta á da incapacidade temporal ou á do desfrute do permiso que por aplicación do devandito precepto lle correspondese, ao finalizar o período de suspensión, aínda que rematara o ano natural a que correspondan.

No suposto de que o período de vacacións coincida cunha incapacidade temporal distintas ás sinaladas no parágrafo anterior que imposibilite o traballador gozalas, total ou parcialmente, durante o ano natural a que corresponden, o traballador poderá facelo unha vez finalice a súa incapacidade temporal e sempre que non transcorreran máis de dezoito meses a partir do ano en que se orixinaran.

**CAPÍTULO II.-PERMISOS, LICENZAS E EXCEDENCIAS****Artigo 10.º.-Permisos.**

A empresa concederá os seguintes permisos retribuídos, con xustificación do traballador e logo de aviso con polo menos dez días de antelación, ou con antelación, abonda, nos casos de enfermidade, falecemento e nacemento.

- Matrimonio: quince días naturais. Xustificante: certificado civil de matrimonio.
- Nacemento de fillo: dous días naturais, se o parto é por cesárea serán cinco días. Se precisa realizar desprazamento de máis de 40 quilómetros de Santiago de Compostela poderá ampliarse ata un máximo de catro días naturais. Xustificante: certificado civil de nacemento.
- Permiso de paternidade: A maiores dos establecidos en cada momento na lexislación laboral, incrementarase en tres días.
- Enfermidade grave, hospitalización ou falecemento de parentes de ata segundo grao de consanguinidade ou afinidade: dous días naturais. Se precisa realizar desprazamento de máis de 40 km de Santiago de Compostela poderá ampliarse ata un máximo de catro días naturais. Xustificantes: de enfermidade ou hospitalización, certificado médico; de falecemento, certificado de falecemento.
- Traslado de domicilio habitual: un día natural. En distinto concello dous días naturais. Xustificante: certificado do Concello que acredite o traslado de domicilio.
- Asistencia a exames de titulacións oficiais, o día completo de celebración. Inclúense expresamente exames de probas selectivas convocadas polas administracións públicas.

- Cumprimento de deberes públicos de carácter persoal e inescusable: remisión ás previsións legais ao respecto. Xustificante: certificado oficial.
- Asistencia ao especialista da Seguridade Social: polo tempo imprescindible para a consulta. Xustificante: Certificado oficial do médico especialista.
- Exames prenatais e técnicas de preparación ao parto: polo tempo imprescindible. Xustificante: Certificado médico.
- Lactación de fillo menor de nove meses: nos supostos de nacemento de fillo, adopción ou acollemento de acordo co artigo 45.1.d) do Estatuto dos Traballadores, para a lactación do menor ata que este cumpra nove meses, os traballadores terán dereito a unha hora de ausencia do traballo, que poderán dividir en dúas fraccións. A duración do permiso incrementarase proporcionalmente nos casos de parto, adopción ou acollemento múltiples.

Quen exerza este dereito, pola súa vontade, poderá substituílo por unha redución da súa xornada en media hora coa mesma finalidade ou acumulalo en xornadas completas nos termos previstos no parágrafo seguinte ou no acordo a que chegue co empresario respectando, no seu caso, o establecido naquela.

Se se acumula en xornadas completas, o traballador ten dereito a unha acumulación de 20 días naturais inmediatamente seguintes ao período de maternidade.

Este permiso constitúe un dereito individual dos traballadores, homes ou mulleres, pero só poderá ser exercido por un dos proxenitores en caso de que ambos os dous traballen. Xustificante: Certificado civil de nacemento.

En caso de nacemento de fillo prematuro ou que se atope hospitalizado disporá de dúas horas ao día coa diminución proporcional das retribucións. Este permiso durará no caso de fillo prematuro ata a alta hospitalaria e no caso de hospitalización un máximo de tres meses, ou alta médica. Xustificante: certificado do centro hospitalario.

En aclaración ás licenza e permisos entenderase que a condición de parella estable aquela parella con convivencia continuada, e que cumpre os requisitos de lexislación civil da comunidade autónoma de Galicia e suficientemente xustificada, dará lugar aos mesmos dereitos. Por iso, é requisito indispensable e necesario a inscrición no rexistro público competente de parellas de feito.

- Quen por razóns de garda legal teña ao seu coidado directo algún menor de 12 anos ou un minusválido físico, psíquico ou sensorial, que non desempeñe actividade retribuída, terá dereito a unha redución da xornada de traballo, coa diminución proporcional de salario entre, un oitavo e a metade da xornada. Terá o mesmo dereito quen precise encargarse do coidado directo dun familiar ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade que, por razóns de idade, accidente ou enfermidade, non poida valerse por si mesmo e que non desempeñe actividade retribuída, ou que posúa un grao de dependencia emitido pola administración competente.
- Por asuntos propios, sen necesidade de xustificación, pero con previso escrito á empresa, 3 días o ano.

#### **Artigo 11.º.–Permiso non retribuído.**

O persoal poderá obter ata catro días de licenza persoal non retribuída ao ano, que non poderán ser consecutivos, concederese por rigorosa orde de solicitude, non podendo coincidir un máximo dun traballador á vez, salvo que razóns xustifiquen tal solicitude

#### **Artigo 12.º.–Excedencias.**

Os traballadores da Fundación Refuxio de Animais, de Interese Galego, terán dereito a que se lles recoñeza a posibilidade de situar en excedencia voluntaria ou forzosa, de conformidade cos seguintes criterios:

- Excedencia forzosa: que dará dereito á conservación do posto de traballo e ao cómputo da antigüidade da súa vixencia, se concederá pola designación ou elección para un cargo público que imposibilita a asistencia ao traballo. O reingreso deberá ser solicitado dentro do mes seguinte ao cesamento no cargo público.

Quen ostenten cargos electivos a nivel provincial, autonómico ou estatal nas organizacións sindicais máis representativas terán dereito á excedencia forzosa con dereito a reserva de posto de traballo e ao cómputo da antigüidade mentres dure o exercicio do seu cargo representativo, debendo incorporarse ao seu posto de traballo dentro do mes seguinte ao cesamento no cargo como consecuencia do cal se outorgou a citada excedencia.

- Excedencia voluntaria: Os traballadores cunha antigüidade dun ano, terán dereito a que se lles recoñeza a posibilidade de situarse en excedencia voluntaria por un prazo non menor a catro meses e non maior a cinco anos. Este dereito só poderá ser exercitado outra vez polo mesmo traballador se transcorreron catro anos, dende o final da anterior excedencia.

Tamén terán dereito a un período de excedencia, de duración non superior a dous anos, os traballadores para atender o coidado dun familiar ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade, que por razóns de idade, accidente, enfermidade ou minusvalidez, non poida valerse por se mesmo e non desempeñe actividade retribuída. A excedencia contemplada no

presente apartado constitúe un dereito individual dos traballadores, homes e mulleres. Non obstante, se dous ou máis traballadores da mesma empresa xerasen este dereito polo mesmo suxeito causante, a dirección da Fundación Refuxio de Animais, de Interese Galego, poderá limitar o seu exercicio simultáneo por razóns xustificadas de funcionamento da empresa.

Cando un novo suxeito causante dese opción a un novo dereito de excedencia, o seu inicio dará fin ao que, no seu caso, se viñese gozando.

O período no que o traballador permaneza en situación de excedencia por coidado de fillo ou familiar, ou excedencia forzoso conforme ao establecido neste artigo será computable para os efectos de antigüidade e o traballador terá dereito á asistencia a cursos de formación profesional, á participación da cal deberá ser convocado polo empresario, especialmente con ocasión da súa reincorporación. Durante o primeiro ano terá dereito á reserva do seu posto de traballo. Transcorrido o devandito prazo a reserva quedará referida a un posto de traballo do mesmo grupo profesional con categoría equivalente. O traballador excedente conservará só un dereito preferente ao reingreso nas vacantes de igual ou similar categoría á súa que houberse ou se producisen na empresa. Un mes antes de expirar o prazo polo que se lle concedeu a excedencia, o traballador deberá, no seu caso, manifestar por escrito á empresa o seu desexo de reincorporación.

#### **Artigo 13.º.-Seguro de morte e incapacidade e accidente.**

Todos os traballadores da Fundación Refuxio de Animais, de Interese Galego, terán un seguro de accidentes de traballo e enfermidade profesional totalmente gratuíto, en caso de morte ou invalidez permanente total, absoluta e grande invalidez derivada de accidente de traballo ou enfermidade profesional.

#### **Artigo 14.º.-Incapacidade temporal.**

A Fundación Refuxio de Animais, de Interese Galego, mellorará a prestación económica nos seguintes casos de incapacidade temporal:

- Accidente laboral e enfermidade profesional -. Nas situacións de IT derivadas de accidente de traballo e enfermidade profesional, a empresa aboará a diferenza que puidese existir entre as prestacións da mutua patronal e o salario real durante o tempo que dure esta situación. É dicir, cobrará o 100% do salario real que cobraría se non estivese en situación de IT derivada de enfermidade profesional ou accidente de traballo.
- Enfermidade común e accidente non laboral: Nas situacións de IT derivadas de enfermidade común ou accidente non laboral seguirase o seguinte criterio: do cuarto ao vixésimo cuarto día de IT, a empresa aboará a diferenza que puidese existir entre as prestacións da Seguridade Social e o salario real dos traballadores.
- Intervención cirúrxica: Nas situacións de IT derivadas de enfermidade común ou accidente non laboral que leven aparellada unha intervención cirúrxica seguirase o seguinte criterio: sempre que a intervención cirúrxica leve á súa vez aparellada unha hospitalización de polo menos tres días ou setenta e dúas horas, a empresa aboará a diferenza que puidese existir entre a prestación pública e o salario base dende o primeiro día de hospitalización ata un máximo dun mes.

Os requisitos expostos anteriormente para as continxencias comúns e permanencia na Fundación Refuxio de Animais, de Interese Galego, serán tamén de aplicación a estes casos.

### **CAPÍTULO III.-DEREITOS, DEBERES E CÓDIGO DE CONDUCTA DO PERSOAL**

#### **Artigo 15.1.º.-Dereitos dos empregados.**

1. O persoal ten os seguintes dereitos de carácter individual:

- a) Ao cargo ou posto de traballo segundo a natureza da relación laboral que lle corresponda
- b) A percibir as retribucións e as indemnizacións por razóns do servizo.
- c) A participar na consecución dos obxectivos atribuídos a unidade onde preste os seus servizos.
- d) A adopción de medidas que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.
- e) Á liberdade de expresión dentro dos límites do ordenamento xurídico.
- f) A recibir protección eficaz en materia de seguridade e saúde no traballo.
- g) Á formación continua e á actualización permanente dos seus coñecementos e capacidades profesionais, preferentemente en horario laboral.
- h) Ás vacacións, descansos, permisos e licenzas.

- i) Á xubilación segundo os termos e condicións establecidas nas normas aplicables.
- j) Ás prestacións da Seguridade Social correspondentes ao réxime que lles sexa de aplicación.
- k) Os demais dereitos recoñecidos polo ordenamento xurídico.

**Artigo 15.2.º.-Deberes dos traballadores da Fundación Refuxio de Animais, de Interese Galego, e principios éticos.**

a) O persoal da Fundación Refuxio de Animais, de Interese Galego deberá desempeñar con dilixencia as tarefas que teñan asignadas.

b) Axustarán a súa actuación aos principios de lealdade e boa fe coa Fundación Refuxio de Animais, de Interese Galego, cos cargos superior, cos compañeiros/as, subordinados/as e coa cidadanía.

**Artigo 15.3.º.-Material para o persoal da Fundación Refuxio de Animais de Interese Galego.**

O persoal da Fundación Refuxio de Animais de Interese Galego, disporá de Tres equipamentos de roupa completas ao ano (dous de inverno e un de verán) axeitada para o traballo que desempeñen posto que, esta mellora, nos equipamentos redunda no plano do PRL.

Asemade, se proverá aos traballadores da Fundación Refuxio de Animais de Interese Galego todo o material preciso para o correcto desenvolvemento da actividade diaria e para garantir a seguridade do persoal posto que a mellora nos equipamentos redunda na PRL.

**CAPÍTULO IV.-MELLORAS SOCIAIS**

**Artigo 16.º**

Creación dunha bolsa anual do 1,5% da masa salarial anual en canto as capacidades económicas o permitan.

**CAPÍTULO V.-RETRIBUCIÓN**

**Artigo 17.1.º.-As retribucións básicas compóñense de:**

- O soldo.
- A antigüidade: por cada tres anos de servizo. Para os efectos de recoñecemento de antigüidade recoñecerase a totalidade dos servizos indistintamente prestados en calquera administración pública
- O complemento específico, polo que se retribúen as especiais condicións do posto de traballo.
- As pagas extraordinarias: serán de dúas ao ano por un importe mínimo, cada unha delas dunha mensuralidade de soldo, complemento específico e antigüidade.

**Artigo 17.2.º.-As cantidades serán as recollidas no anexo I deste convenio. A aplicación das mesmas será gradual, principiando o un de xaneiro do 2017. Darase unha distribución temporal, para a igualación salarial do 100%, que se levará a cabo nun período máximo de tres anos e nunca por debaixo do 33% anual, pero si por riba do mesmo. Polo tanto o reflectido non é excluinte para que se produza, a devandita igualación, nun período inferior os tres anos.**

**CAPÍTULO VI.-SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL**

**Artigo 18.1.º.-**Todo o persoal da Fundación Refuxio de Animais, de Interese Galego, terá dereito á saúde laboral, á integridade física e a contar cunha medidas que garantan unha protección eficaz en materia de seguridade e saúde laboral como determina a Lei 31/1995 de Prevención de Riscos Laborais e o Estatuto dos Traballadores.

**Artigo 18.2.º.-**A Fundación Refuxio de Animais de Interese Galego aplicará as medidas que integran o deber xeral de prevención do artigo anterior e de acordo cos seguintes principios xerais:

- Evitar os riscos e avaliar aqueles que non se poidan evitar, combatendo os riscos na súa orixe.
- Adaptar as equipas e métodos de traballo á persoa con miras a atenuar o traballo repetitivo e monótono e a reducir os efectos do mesmo na saúde.
- Ter en conta a evolución da técnica e substituír o perigoso polo que entrañe pouco ou ningún risco.

– Dar as oportunas instrucións ás/ós empregados/as.

A Fundación Refuxio de Animais, de Interese Galego, deberá adoptar as medidas necesarias cara a garantir que só os/as empregados/as que recibiran información abonda e adecuada poidan acceder a zonas e tarefas de risco grave e específico.

#### **Artigo 18.3.º.-Medidas de emerxencia.**

A Fundación Refuxio de Animais de Interese Galego, tendo en conta o tamaño e a súa actividade así como a posible presenza de persoas alleas, deberá analizar as posibles situacións de emerxencia e adoptar as medidas necesarias en materia de primeiros auxilios, loita contra incendios e evacuación dos/das empregadas, designando para isto ao persoal encargado de poñer en práctica estas medidas e comprobando periodicamente, de ser o caso, o seu correcto funcionamento. O dito persoal deberá ter a formación necesaria, ser suficiente en número e dispoñer do material adecuado en función das circunstancias sinaladas anteriormente.

#### **Artigo 18.4.º.-Protección da maternidade.**

A avaliación de riscos debe comprender a determinación da natureza, o grao e a duración da exposición das empregadas en situación de embarazo ou parto recente a axentes, procedementos ou condición de traballo que poidan influír negativamente na saúde das empregadas ou do feto en calquera actividade susceptible de presentar risco. E adoptaranse as medidas necesarias para evitar a exposición a dito risco.

#### **Artigo 18.5.º.-Equipos de traballo e medios de protección.**

A Fundación Refuxio de Animais, de Interese Galego, adoptará as medidas necesarias co fin de que os equipos de traballo sexan adecuados para o traballo que deba realizarse convenientemente adaptados a tal efecto de forma que garantan a seguridade e a saúde dos/das empregados/as ao utilízalos.

#### **Artigo 18.6.º.-Obrigas dos empregados/as en materia de prevención de riscos.**

1. Corresponde a cada empregado/a velar, segundo as súas posibilidades mediante o cumprimento das medidas de prevención que en cada caso sexan adoptadas, pola súa propia seguridade e saúde no traballo e pola de aquelas outras persoas ás que poida afectar a súa actividade profesional, a causa dos seus actos e omisións no traballo, de acordo coa súa formación e as instrucións que reciba da Fundación Refuxio de Animais, de Interese Galego.

2. Os/As empregados/as deberán en particular:

- Empregar adecuadamente as máquinas, aparellos, ferramentas, substancias perigosas, equipos de transporte e en xeral calquera outro medio co que desenvolvan a súa actividade.
- Non poñer fora de funcionamento e utilizar correctamente os dispositivos de seguridade existentes ou que se instalen nos medios relacionados coa súa actividade ou nos lugares de traballo nos que esta teña lugar.
- Contribuír ao cumprimento das obrigas establecidas pola autoridade competente co fin de protexer a seguridade e a saúde no traballo.
- Cooperar ca Fundación Refuxio de Animais, de Interese Galego, para que esta poida garantir unhas condicións de traballo que sexan seguras e non entrañen riscos para a seguridade e a saúde dos/as empregados/as

3. O incumprimento polos/as empregados/as das obrigas en materia de prevención de riscos a que se refiren os apartados anteriores terán a consideración de incumprimento laboral aos efectos previstos no artigo 58.1 do Estatuto dos Traballadores, ou de falta de ser o caso, consonte ao réxime disciplinario establecido neste acordo.

#### **Artigo 18.7.º.-Risco grave e inminente.**

Cando os/as empregados/as estean ou poidan estar expostos/as a un risco grave e inminente a Fundación Refuxio de Animais, de Interese Galego, estará obrigado a:

a) informar o antes posible a todos/as os/as empregados/as afectados/as acerca da existencia do risco e das medidas adoptadas ou que, de ser o caso, deberán adoptarse en materia de protección.

b) adoptar as medidas e dar as instrucións necesarias para que, no caso de perigo grave, inminente e inevitable, os/as empregados/as poidan interromper a súa actividade e, de ser necesario, abandonar de inmediato o lugar de traballo. Neste suposto non poderá esixírselle os/as empregados/as que reinicien a súa actividade mentres persista o perigo.

## CAPÍTULO VII.-DEREITO Á GARANTÍA SINDICAL

**Artigo 19.**–O persoal da Fundación Refuxio de Animais, de Interese Galego, ten dereito a sindicarse libremente en defensa e promoción dos intereses profesionais, económicos e sociais que lle son propios coma empregados/as. Así son de obrigado cumprimento a Lei 11/85, do 2 de agosto, de Liberdade Sindical e o reflectido no Estatuto dos Traballadores.

## CAPÍTULO VIII.-XUBILACIÓN DO PERSOAL

### Artigo 19.1.º.-Xubilación.

A xubilación do persoal da Fundación Refuxio de Animais, de Interese Galego poderá ser:

- a) Voluntaria, a solicitude da persoa interesada
- b) Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida.
- c) Pola declaración de incapacidade permanente para o exercicio das funcións propias da súa categoría profesional ou polo recoñecemento dunha pensión de incapacidade permanente absoluta ou incapacidade permanente total en relación co exercicio das funcións da súa categoría.
- d) Parcial, nas condicións establecidas no presente capítulo.

### Artigo 19.2.º.-Xubilación voluntaria.

Procederá a xubilación voluntaria, a solicitude da persoa interesada, sempre que o/a empregado/a reúna os requisitos e condicións establecidos no Réxime Xeral da Seguridade Social.

### Artigo 19.3.º.-Xubilación forzosa.

Declárase de oficio ao cumprir o/a traballador/a a idade establecida para cada caso na normativa vixente.

### Artigo 19.4.º.-Xubilación por incapacidade permanente.

Cando un/unha traballador/a se vexa afectado por unha declaración de incapacidade permanente total ou parcial para o exercicio das funcións propias da súa categoría profesional, poderá optar polo pase á xubilación ou o traslado a un posto de traballo compatible coa súa discapacidade, sen que o novo destino poda supoñer unha perda de poder adquisitivo da persoa afectada.

### Artigo 19.5.º.-Xubilación parcial.

Considerarase xubilación parcial a iniciada despois do cumprimento dos 60 anos e se simultánea a percepción dunha pensión de xubilación do Réxime da Seguridade Social coa prestación de servizos mediante a celebración dun contrato de traballo a tempo parcial con redución da xornada ordinaria de traballo.

## CLÁUSULAS ADICIONAIS

### Disposición adicional primeira.-Consolidación de emprego

Os traballadores da Fundación Refuxio de Animais, de Interese Galego, que participaran na convocatoria pública de provisión de postos de traballo realizada pola propia Fundación Refuxio de Animais de Interese Galego no ano 2006 ata a configuración da totalidade da plántilla no ano 2008, e pasaran todo o proceso selectivo obtendo a condición de traballador da Fundación Refuxio de Animais, de Interese Galego, teñen consolidada a situación laboral.

## CLÁUSULAS TRANSITORIAS

### Disposición transitoria primeira

A praza de Veterinario/a cubrirase seguindo os procedementos marcados pola lexislación vixente, integrándose no relatorio de postos de traballo desta Fundación có encadramento laboral correspondente.

### Disposición transitoria segunda

Adoptaranse os canles necesarios para que o representante sindical dos traballadores asista ás xuntanzas do padroado, con voz e voto, acompañado pola asistencia e asesoramento que designe e estime oportuno.



## ANEXO I

## Retribucións referidas a catorce mensualidades:

POSTO	SOLDO	COMPLEMENTO	ANTIGÜIDADE
Administrativo (C1 16)	14.699,16	10.700	315,72
Operario (C2 14)	12.560,12	9.900	214,80

En Santiago de Compostela, a 20 de decembro de 2017.

Asdo.: Noa M.<sup>a</sup> Morales Sánchez

Concelleira Benestar Animal-Directora e Vicepresidenta da Fundación Refuxio de Animais

2017/10810



[www.cigservizos.org](http://www.cigservizos.org)